



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E A ASOCIACIÓN MUJERES DE SAN CIPRIÁN

En Cervo a 20 de decembro de 2016

De unha parte, M^a Amparo Pernas Martínez con DNI 76.564.398 C, en calidade de presidenta da asociación Mujeres de San Ciprián.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez en calidade de alcalde-presidente do Concello de Cervo, que actúa en nome en representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o Concello de Cervo, en exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, está interesado en promover e colaborar coa realización das actividades levadas a cabo pola asociación Mujeres de San Ciprián.

SEGUNDO: Que a asociación Mujeres de San Ciprián como organizadora das devanditas actividades, solicitou do concello una axuda económica para sufragar os gastos derivados das mesmas.

En base ó anteriormente exposto, o Concello de Cervo e a asociación Mujeres de San Ciprián asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración económica entre o Concello de Cervo e a asociación Mujeres de San Ciprián para a realización de actividades.

Segunda.- O Concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa 2.000 € con cargo á partida 334.48921 á asociación Mujeres de San Ciprián, para a realización de actividades.

Terceira.- A asociación Mujeres de San Ciprián comprométese a xustificar os gastos subvencionados mediante as correspondentes facturas orixinais ou copias compulsadas ata un importe total do subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

seu caso o órgano competente, e comunicar ó Concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas.

Cuarta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio.
- A falta de xustificación da subvención concedida.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



O alcalde,

Alfonso Villares Bermúdez

A presidenta asociación Mujeres de San Ciprián

Ma Amparo Pernas Martínez.